

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de xaneiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 5 de xaneiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA CONTRATO FORMATIVO DUN (1) POSTO DE TRABALLO, AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que o día 11 de decembro de 2025 rematou o proceso selectivo para a contratación laboral na modalidade de contrato formativo dun posto de traballo, coa titulación de Técnica Superior en Producción de Audiovisuais e Espectáculos, segundo a

convocatoria e Bases aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 14 de novembro de 2025.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo, reunido en data 11/12/25, eleva a este órgano a seguinte proposta:

A contratación da única candidata admitida, segundo a seguinte relación:

Técnica de comunicación

CANDIDATA	EXPEDIENTE ACADÉMICO	DOCTORAMENTO	MÁSTER	TITULACIÓN DISTINTA	CURSOS	CELGA	TOTAL
PAULA CAMBEIRO GIL	1,73	0,00	0,00	0,00	0,25	0,50	2,48

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata Paula Cambeiro Gil.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral, mediante un contrato formativo, polo prazo dun (1) ano, da seguinte traballadora:

Técnica de comunicación

NOME E APELIDOS	DNI
PAULA CAMBEIRO GIL	██████████

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

3.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” – EXPEDIENTE [REDACTED]

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Juan Carlos Diéguez Patao, funcionario do Concello.

4.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do

Concello na convocatoria para proporcionar, a través dos servizos sociais municipais, apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poder atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do Concello que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que solicitan as axudas, con prioridade a familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.

Segundo.- Solicitar axudas por contía de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e de TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, destinadas aos conceptos subvencionables establecidos na base sexta das mencionadas Bases.

5.- ADHESIÓN AO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2026

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 (BOP núm. 6, do 12/01/26), e da conveniencia de adherirse a dito Plan ao obxecto de acadar o cofinanciamento de parte dos servizos sociais comunitarios, concretamente para os postos de traballo de educadora social e auxiliar administrativo, así como para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade de prestación básica.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Segundo.- Adherirse ao Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación de Pontevedra para o 2026, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectidas no Anexo I, que constitúen un total de CORENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (40.256,60 €).

Terceiro.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos que se financiarán.

Cuarto.- Aceptar os compromisos de publicidade que se establecen na Base décimo cuarta.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Josefa Cuñarro López (RE núm. 31, do 09/01/26), e a proposta de resolución emitida con data 10/01/26 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona JOSEFA CUÑARRO LÓPEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Mouriz, parroquia de Río.

7.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Dolores Vence González.

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 10/01/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Dolores Vence González

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,68 €/hora

8.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrência, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Dona Eva Soengas Penerbosa, dado que se atopa incluída asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida

Fernández en data 10/01/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrència, da usuaria que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: Eva Soengas Penerbosa

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Alemparte, parroquia do Salto

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 1,44 €/hora

9.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Eva Losasa Barreiro e Dona Vanessa Francielly Acioly de Santana, traballadoras laborais fixa e temporal do Concello, respectivamente, en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais e permisos laborais do ano de 2025 durante o mes de xaneiro de 2026. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ XIMENA MANTILLA JAIMES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 21 e 30 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, en substitución de Eva Losada Barreiro.
- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 15 e 27 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, en substitución de Vanessa Francielly Acioly de Santana.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

10.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Betanzos (A Coruña) – RE-E núm. 9, do 08/01/26 –, pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade financeira BANCO SANTANDER S.A., estendido con data 12/08/24

(registro núm. [REDACTED]), por importe de CATRO MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (4.136,37 €), en concepto de garantía definitiva do subministro de “*Adquisición de punto limpo móbil*”. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS PREMIADAS NO III CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

De conformidade co establecido nas Bases do III Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*”, infórmase aos/as Sres./as. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado cualificador, reunido o pasado día 5 de xaneiro do corrente, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA A) – FAMILIAR/INDIVIDUAL

PREMIO	TÍTULO	BENEFICIARIO/A	IMPORTE
PRIMEIRO	Baixo as luces das árbores de Nadal	Silvia Montoto Espiño	150,00 €
SEGUNDO	Nevando en azul	Irma López Losada	100,00 €
TERCEIRO	Deserto		

CATEGORÍA B) – EMPRESAS, COMERCIO E HOSTALERÍA

PREMIO	TÍTULO	BENEFICIARIO/A	IMPORTE
PRIMEIRO	O Nadal comeza aquí	Marta Moure Vázquez (Salón de Beleza Marta Moure)	200,00 €
SEGUNDO	La locura navideña del cascanueces	Mayessa Slendy Jaimes Flórez (Gastrobar Desito)	150,00 €
TERCEIRO	Soños de Nadal	Sonia Fernández Santos (Casa do Maior Val de Camba)	100,00 €

CATEGORÍA C) – DECORACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS

PREMIO	TÍTULO	BENEFICIARIO/A	IMPORTE
PRIMEIRO	O agasallo es ti	Asociación O Falar das Pedras	DIPLOMA
SEGUNDO	Doce Navidade	ANPA Xulio Lois	DIPLOMA
TERCEIRO	Deserto		

12.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 03/01/26, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo concelleiro-delegado de Economía con data 12/01/26, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na actualización, informatización e peche contable do exercicio económico de 2025, á sociedade CONSULTORÍA ICAL S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Nigrán, ao prezo de OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE EUROS (8.349,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

13.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 8 de xaneiro de 2026 a Sección do Social do Tribunal de Instancia núm. 1 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de procedemento de seguridade social en material prestacional núm. [REDACTED] e acumulado, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“Que, desestimando la demanda del CONCELLO DE RODEIRO frente al INSS, la TGSS, y D^a ANA FERNÁNDEZ VALIÑAS, debo absolver y absuelvo a los demandados. Se tiene por desistida la demanda acumulada en único proceso de D^a ANA FERNÁNDEZ VALIÑAS contra el CONCELLO DE RODEIRO, y el INSS y la TGSS”.*

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, autorizar a interposición do correspondente recurso contra a sentenza sinalada.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)